



O Acordo da xunta de Goberno do 19 de outubro de 1995 establece a posibilidade do recoñecemento dos cursos da Aula de Informática para a libre configuración curricular dos alumnos.

Para que sexa efectiva a dita posibilidade requírese que os cursos que organice a Aula sexan recoñecidos polo Rectorado. Para este recoñecemento deben solicitarse os oportunos informes ás autoridades dos centros que imparten titulacións oficiais para os efectos de evitar coincidencias entre materias que figuren nos planos de estudo e os cursos que imparta a Aula de Informática.

Asemade sendo necesario regulamentar extremos tales como a acreditación ante as unidades de xestión académica e o reporte de prezos públicos, estímase conveniente dicta-la seguinte resolución:

PRIMEIRO.- RECOÑECEMENTO DOS CURSOS DE INFORMÁTICA

1º Antes do inicio de cada curso académico, os directores das aulas de informática enviaránlle ó Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións unha relación dos cursos que se impartirán, co obxecto de que se proceda ó seu recoñecemento para seren imputados á libre configuración curricular.

2º Se se foran impartir ó longo do curso académico cursos de informática que non figuraran nas relacións a que se fai referencia no parágrafo anterior, o director da Aulas de Informática deberán tramita-la solicitude do recoñecemento para a libre configuración curricular, polo menos con corenta e cinco días de antelación ó inicio do curso.

3º O Vicerrectorado dará traslado ós decanos e directores das propostas da Aula de Informática, co obxecto de que exclúan os cursos que consideren non susceptibles de seren recoñecidos como de libre configuración para cada unha das titulacións que se impartan no centro que dirixa cada un.

SEGUNDO.- NÚMERO DE CRÉDITOS

Recoñecerase un crédito por cada vinte horas lectivas.

TERCEIRO.- XESTIÓN ADMINISTRATIVA

1º Matrícula

A matrícula realizaraa a Aula de Informática, nos prazos que estime pertinentes e reportará os prezos que teña autorizados.

2º Certificación do curso

Para o recoñecemento dos cursos, o director da Aula de Informática expedirá ó alumno unha certificación que conterá como mínimo os seguintes elementos:

- a) Nome do alumno
- b) DNI
- c) Denominación do curso
- d) Cualificación ("apto" ou "non apto")
- e) Número de créditos
- f) e maila seguinte declaración:

"Os estudos que se certifican poden recoñecerse para os efectos de libre configuración en titulacións da Universidade de Santiago de Compostela"



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

À antedita declaración deberán engadirse as exclusións de recoñecemento do curso que realicen os decanos e directores, e se recollen na oportuna resolución rectoral.

3º Efectos no expediente do alumno

Para que produzcan efectos os cursos realizados o alumno deberá solicitalo na unidade de xestión académica correspondente, en calquera momento antes de remata-los estudos da súa titulación, presentando a certificación a que se fai referencia no apartado anterior.

O recoñecemento reportará os prezos públicos establecidos para validación de estudos.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 1996

RECTOR

(por Resolución Rectoral do 17 de decembro de 1996
o vicerrector de Investigación)



Sergio Casas Fernández

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E
TITULACIÓN S - SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO - SRS/SRAS. DECANOS/NAS E
DIRECTORES/RAS - SR. DIRECTOR DA AULA DE INFORMÁTICA - SR. XEFE DO SERVIZO
DE ALUMNADO - SR. XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DE C.O.I.E. -
SRS/SRAS. XEFES/AS. DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.